

Peche de oficinas no mes de agosto

O próximo mes de agosto está previsto o peche de 81 oficinas. Durante os días de peche, os traballadores e traballadoras destas oficinas incorporaranse a outra oficina, máis ou menos próxima. Como é adoito, nesta empresa parece que esqueceron a existencia do verbo 'negociar' e só se nos informou da listaxe de oficinas sen nos falar de ningunha outra das condicións nas que se organizará o peche.

O Banco teima en que a organización do traballo é patrimonio seu, pero quen paga as consecuencias de certas decisións son os traballadores e traballadoras.

Por iso queremos transmitirvos algúns elementos que cómpre ter en conta e que lle expuxemos á empresa.


- Os cadros de vacacións non poden nin deben alterarse por esta situación. O peche de oficina non implica obriga de facer vacacións no mes de agosto. Se existise algún problema, ponte en contacto con COMFIA-CCOO para aclarar e solucionar a situación.
- Haberá que establecer medidas para cargar o caixeiro automático da oficina pechada. En ningún caso deberá facerse un traslado de efectivo desde a oficina substitutiva senón que, como determina a lei, terán que utilizarse os servizos dun furgón blindado.
- Teranse en conta as condicións de seguridade se durante a xornada laboral hai que desprazarse á oficina pechada para a consulta de documentación, expedientes, etc. E tamén outros aspectos da operativa diaria, como a correspondencia de clientes, as valixas, etc.

- É previsible que falte espazo na oficina substitutiva. Non hai que aceptar un lugar de traballo que non reúne as condicións axeitadas.
- Durante os días que permaneza pechada a oficina, é evidente que non poderá manter os seus niveis de actividade polo que afectará a consecución de obxectivos. Por iso pedimos que se adapten os orzamentos tendo en conta esta particularidade.
- Aínda que durante a parte central do mes de agosto hai un descenso de traballo, non adoita ocorrer así durante os dez primeiros días do mes. Pedimos que se teña en conta este feito para non sobrecargar de traballo a oficina substitutiva e que se establezan medidas para que esta obteña axudas e/ou contratacións temporais.

Se a túa oficina é unha das afectadas, xa sexa por peche ou substitutiva, e tes dúbidas ou incidencias sobre este tema, non dubides en poñerte en contacto con COMFIA-CCOO. Nós non pechamos en agosto.

Abril de 2009

Conéctate á nosa web: **People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

Boletín de afiliación Enviar a ➔	3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:	
Domicilio	C.P.:	
Poboación		
Cta. de cargo		DNI
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Setes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>		Data / /